



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Instituto de Educación Secundaria "Leixa"

Bacharelatos – Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

San Pedro de Leixa s/n
15405 – Ferrol (A Coruña)
<http://www.iesleixa.es>
ies.leixa@edu.xunta.es

Tfnos: 981328951 e 981328900
Fax: 981328900
Móbil-GSM: 667626775
Móbil actividades: 667626707



PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

IES Leixa



ÍNDICE:

- 1 Obxectivo xeral.**
- 2 Metodoloxía.**
- 3 Avaliación.**
- 4 Desenvolvemento do Plan de Orientación Académico e Profesional:**
 - 4.1 Actividades.**
 - 4.2 Liñas de acción prioritarias.**
 - 4.3 Momentos relevantes na orientación:**
 - 4.3.1 Bacharelato.**
 - 4.3.2 Ciclos medios.**
 - 4.3.3 Ciclos superiores.**



1. Obxectivo xeral:

Tratamento do plano vocacional como parte dun proceso integrado que conecta a orientación académica, coa transición e acceso ao mundo profesional e laboral.

A oferta, planificación, programación, organización, e a ordenación das actuacións a nivel de funcionamento sistemático do centro deben impulsar as actividades e experiencias educativas cotiás, que inclúan os valores propios da integración social e da profesionalización entendida como formación nas pautas e habilidades que constitúen o soporte dos comportamentos pertinentes ao ámbito laboral, entre as que cabe destacar:

- Favorecemento da participación en supostos e experiencias tendentes a fomentar a asimilación das distintas manifestacións do mundo socio-laboral.
- Coñecemento da realidade socio-económica, industrial, administrativa e legal propia da actividade laboral e profesional específica da Titulación.
- Inclusión das estratexias e habilidades necesarias para un desenvolvemento no medio socio-laboral con posibilidades de éxito, tendo en conta como de especial importancia a adquisición dos coñecementos teórico-prácticos, relativos á comprensión e uso da tecnoloxía e do discurso tecno-cultural.
- Os aspectos que sirvan como referencia para facilitar o desenvolvemento do proceso de inserción socio-profesional.
- Especial atención ás propostas encamiñadas a favorecer o mellor coñecemento posible dos roles e desempeño do status ou perfil profesional propio de cada un dos ciclos.
- Seguimento dos datos relativos ao acceso ao mundo laboral dos alumnos/as unha vez terminados os seus estudos.

No caso do Bacharelato, terase en conta a importancia das accións vinculadas ao diagnóstico, atención, actuación e investigación, referidas á información e formación que efectivamente se lles aportará desde a perspectiva académico-profesional.

Procurarase aportar unha **Guía de Orientación** para uso do profesorado e do alumnado e mellorar o Plan de Orientación Académico e Profesional coa inclusión de recursos relacionados cos servizos sociais e culturais de interese para potenciar o proxecto educativo persoal dos alumnos/as.

- Ofrecer información sobre as distintas opcións de continuidade dos estudos realizados, posible especialización, complementos de formación, oferta ocupacional, recursos de tele-formación, intercambios, participación en proxectos europeos.
- Convocatorias e axudas de interese.
- Orientación profesional na formación ao longo da vida, mediante:
 - Estudo da inserción laboral dos titulados de formación profesional.
 - Asesoramento sobre os diferentes itinerarios formativos e profesionais así como sobre a avaliación e recoñecemento e acreditación das competencias profesionais tendo en conta a lexislación española, europea e das cualificacións profesionais.

2. Metodoloxía:

- Realizaranse sistematicamente entrevistas individuais en función de devanditas finalidades procurando facelas extensivas a todo o alumnado do centro.
 - Temporalización: Dispoñibilidade ao longo de todo o curso.



- Para fomentar a calidade do proceso de inserción socio-laboral celebraranse sesións informativas nas que se incluírán tanto aspectos académicos como de información sobre recursos para a orientación laboral.
 - Temporalización: Durante o segundo trimestre do curso.
 - Relación de recursos cos que se colaborará, entre outros:
 - Escola de Enfermaría.
 - Enxeñería industrial.
 - Deseño industrial
 - Humanidades.
 - Equipo específico. Asesoría de Orientación Vocacional e Profesional.
 - Servizo de Orientación Profesional da Universidade da Coruña. Campus de Ferrol.
 - Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol.
 - Fundación Ferrol Metrópoli.
 - Centro de Innovación e Servizos (A Cabana) da Consellería de Industria.
- Manterase colaboración e contacto cos diferentes recursos que teñen asignadas funcións nesta materia tanto de tipo público como privado, e asistírase a aquelas reunións ou actividades (Xornadas, Cursos, Congresos ..etc.) que se promovan, destinadas a favorecer un coñecemento e información actualizada procedente dos recursos existentes de interese para o alumnado.
- Avanzarase na dirección de potenciar e facilitar a xestión informatizada do proceso individual de formación e inserción socio-profesional.
- No terceiro trimestre levarase a cabo a avaliación, mediante a enquisa destinada á valoración dos distintos aspectos do POAP.
 - Realizarase a determinación de necesidades do alumnado en materia orientación académica e profesional. No Cuestionario Inicial, inclúense previsións para a toma de datos coas finalidades propostas.
 - Tratarase de coñecer cales son as necesidades de formación do profesorado e proporanse iniciativas para dar resposta adecuada a súa actualización.
 - Promover a recompilación de datos xerais dos recursos da zona, da poboación do centro, dossiers sobre as especialidades que se imparten, utilización actualizada dos recursos (internet) e aproveitamento das achegas dun enfoque baseado na formación permanente.

Coincidindo coas intervencións establecidas e utilizando os medios e recursos previstos no Plan Anual de Orientación en coordinación co Programa de Seguimento do Proceso Ensino-Aprendizaxe e Plan de Acción Titorial.

3. Avaliación:

Pasarase o Cuestionario de Avaliación do POAP, no último trimestre, a todos os cursos, para valorar a súa eficacia e a súa pertinente adecuación ás metas que persegue o Plan de Orientación Anual neste campo.



4. Desenvolvemento do Plan de Orientación Académico e Profesional:

O obxectivo inicial, en todas as etapas e niveis, é facilitar ao alumno a toma de decisións na elección de itinerarios académicos e profesionais segundo o obxectivo xeral do plan, tendo en conta.

- A proposta de traballo inicial da CCP.
- A información solicitada en reunión de titores/as.

Seguindo o esquema da proposta de traballo e integrando as actuacións, liñas de acción prioritaria e momentos relevantes, este Plan artículase do seguinte xeito:

4.1 Actividades:

Considéranse de especial interese os seguintes temas:

- Orientación vocacional. Entrevistas.
- Acceso á universidade.
- Acceso ao mundo laboral.
- Con alumnos/as:
 - Autoavaliación de capacidades, motivacións e intereses.
 - Software Orienta.
 - Programa de información: Guía de Orientación (impresa, en CD e en web).

4.2 Liñas de acción prioritaria:

- Para titores/as:
 - Actuacións con alumnos/as e pais/nais, a través do Plan de Acción Titorial.
 - Actuacións de Información. Guía de Orientación.
- Para áreas, materias e módulos:
 - Guía de Orientación (pdf) e recursos sociais e culturais.
- Para o departamento de Orientación:
 - Actuacións con alumnos/as:
 - Colaborar mediante a elaboración do material informativo da Guía de Orientación anual.
 - Atendendo ás consultas individuais dos alumnos/as nas horas marcadas no horario do departamento.
 - Sesións informativas.
 - Actuacións con profesores/as:
 - Colaborando co profesorado na medida da súa dispoñibilidade.
 - Actuacións con pais/nais:
 - Atendendo ás consultas individuais con pais/nais nas horas marcadas no horario do departamento.
 - Colaborando coa ANPA do instituto nas accións que se acorden.

4.3 Momentos relevantes na orientación:

O referente é axudar na elección de estudos superiores ou traballo. As accións concretas de orientación que se desenvolverán quedan recollidas no Plan de Acción Titorial.



4.3.1 Bacharelato:

- Itinerarios-Optativas.
- Acceso á universidade:
 - Preparación PAAU: Datas, exercicios, preparación, estudo, reclamacións.
 - Inscripción e matrícula na Universidade.
 - Oferta universitaria en Galicia.
 - Vías de acceso, límites de prazas.
 - Distrito único.
 - Sistema de créditos.
 - Información web: CIUG
 - Becas. Convocatorias.
- Acceso a ciclos superiores:
 - Acceso directo.
 - Mediante proba:
 - En que consiste a proba. Tipos de exames.
 - Estrutura dos ciclos formativos de ciclo superior. Oferta de ciclos en Galicia.
 - Acceso á Universidade desde os Ciclos.
- Acceso a outras ensino de grado superior:
 - Arte dramática. Artes plásticas. Conservatorio Superior.

4.3.2 Ciclos medios:

- Documentación (pdf).
- Validacións.
- Currículo. Proxecto Curricular.
- Adaptacións curriculares.
- Flexibilización horaria.
- Acceso á FCT.
- Matrícula extraordinaria.
- Acceso ao mundo laboral:
 - Currículo vitae.
 - Entrevista profesional.
 - Procura de emprego. SGC.
 - Creación de empresas.
 - Recursos.
- Continuación de estudos:
 - Bacharelato.
 - Proba de acceso a ciclos superiores: Datas, documentación, tipos de exame.



4.3.3 Ciclos Superiores:

- Documentación (pdf).
- Validacións.
- Currículo. Proxecto Curricular.
- Adaptacións curriculares.
- Flexibilización horaria.
- Acceso á FCT.
- Matrícula extraordinaria.
- Acceso ao mundo laboral:
 - Currículo vitae.
 - Entrevista profesional.
 - Procura de emprego. SGC.
 - Creación de empresas.
 - Recursos.
- Continuación de estudos (acceso á Universidade):
 - Acceso directo vía FP - acceso vía PAAU.
 - Oferta.
 - Carreiras con límite de prazos.
 - Notas de corte.
 - Sistemas de validación de créditos universitarios con FP